



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 31 DE MAIO DO 2021.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta e un de maio do dous mil vinte e un, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Diaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Interventor:** D. Manuel Vázquez Fernández.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto

Non asiste o concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

**ORDE DO DÍA:**


**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 26 DE ABRIL DO 2021.**

Sométese a votación a acta do pleno de 26 de abril do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 21.04.2021 ao 25.05.2021.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 24.04.2021 e o 25.05.2021.

**PARTE RESOLUTIVA**



**3º.- APROBACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, SILLAS E DEMÁIS ELEMENTOS VINCULADOS A ACTIVIDADE DE HOSTALERÍA.**

O ditame é favorable á proposta, con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

*“Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:*

***“INFORME SOBRE A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, SILLAS E DEMÁIS ELEMENTOS VINCULADOS A ACTIVIDADE DE HOSTALERÍA.***

*PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.*

*SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.*

*TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).*

*CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.*

*QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que “na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún Pleno da Corporación 31.05.2021*



*caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.*

*SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.*

*SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).*

*OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.*

*O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.*

*En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:*

- a. Consulta pública previa.*

*De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio), se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento.*

- b. Informes previos.*



*O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.*

*c. Aprobación inicial polo Pleno.*

*Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.*

*d. Información pública e audiencia dos interesados.*

*O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.*

*Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).*

*e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

*Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.*

*Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.*

*f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

*g. Entrada en vigor.*

*Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que*



*conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).*

*NOVENO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.*

*Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública sobre a aprobación **DA ORDENANZA REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, SILLAS E DEMÁIS ELEMENTOS VINCULADOS A ACTIVIDADE DE HOSTALERÍA.***

*O SECRETARIO XERAL”*


*Con excepción da ordenaza fiscal, non existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, da ocupación do dominio público municipal con mesas, sillas e demais elementos vinculados a actividade de hostalería o que está a producir diversas disfuncións dada a falta de regulación tanto no que se refire á falta de normativa para a dita utilización, como no que se refire a tramitación dos procedementos referidos á materia.*

*Por elo e, non existindo norma de carácter xeral que regule, o aspecto organizativo e procedimental da actividade que nos ocupa é acaido proceder á elaboración dunha ordenanza co fin de solucionar as eivas citadas.*

*De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)*

***Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:***

***1º.- Realizar a consulta previa en relación á elaboración duha ORDENANZA REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, SILLAS E DEMÁIS ELEMENTOS VINCULADOS A ACTIVIDADE DE HOSTALERÍA.***



2º.- *Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web Do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadanos afectados, en concreto, as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.*

3º.- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- *Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.*

5º.- *Ordear a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez comentando que é a aprobación do inicio do trámites, di que eles van votar a faor dese inicio, deixando constancia de que cando se faga a ordenanza se acepten as propostas dos profesionais mediante a Asociación de Empresarios da hostelería e que se faga unha ordenanza favorable para todas as partes.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela pide que se reconsidere eliminar esa taxa do segundo semestre ao hostaleiros, aínda que a situación mellora, cre que todavía é moi pronto para vaticinar que vaian ter un resultado .

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o queren é que sexa benéfica. Se estudarán todas as propostas. Di que hai marxe ata o 30 de xuño. Di que no mes que entra tomarán unha decisión ao respecto.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que quere que sexa unha ferramenta útil e non sexa unha ferramenta de disputa no futuro.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**4º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:



#### *“ANTECEDENTES*

*1º.- Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico.*

*2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.*

*3º.- Transcurrido o prazo de aportación de achegas, non se presentaron opinións por aqueles colectivos aos que ía dirixida a consulta.*

#### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*PRIMEIRA.- O oficial xefe accidental da Policía Local, con data 12 de abril de 2021, emite informe do tenor literal seguinte:*

*“O día 10 de novembro do ano 2020 entrou en vigor o Real Decreto 970/2020, de 10 de noviembre, por el que se modifican el Reglamento General de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre y el Reglamento General de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de diciembre, en materia de medidas urbanas de tráfico, o cal ten unha importante influencia para os Concellos o determinar una modificación sustancial dos límites de velocidade xenéricos a aplicar nas vías situadas dentro de poboado así como o establecemento de forma indudable da prohibición de circulación dos vehículos de mobilidade persoal por espazos peoniles e beirarrúas, ademáis de nas travesías, vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurren dentro de poblado e en túneles urbanos.*

*Unha parte das disposicións deste Real Decreto entrou en vigor o día 02 de xaneiro de 2021, mentres que a que respecta ás modificacións correspondentes ás velocidades máximas xenéricas en vías urbanas, reguladas polo artigo 50 do Reglamento General de Circulación, farao o día 11 de maio do presente ano.*

*En consecuencia, por aplicación do principio de xerarquía normativa reconecido pola Constitución Española de 1978 no seo artigo 9.3, e regulado no Código Civil Real aprobado polo Decreto de 24 de julio de*



*1889 nos artigos 1 e seguintes, que implica que unha norma de rango inferior non pode contradecir nin vulnerar o que estableza outra de rango superior, e a vista de que o contido actual da Ordenanza Municipal de Tráfico deste Concello nas materias reformadas pasará a ser contradictorio coa nova normativa estatal unha vez entre en vigor no próximo mes de maio, por esta xefatura accidental considérase necesario, sempre previas as consideracións e informes dos servizos de asesoramento legal que resulten procedentes, levar a cabo a modificación da actual Ordenanza Municipal de Tráfico nos artigos que presenten un contido contrario á xa citada nova regulación de carácter estatal.*

*De acordo coa revisión do contido feita, ás modificacións que se estiman necesarias son as seguintes, ás que se propón engadir a ampliación do contido do artigo 23 mediante a inclusión da regulación requerida para a instalación e control de medios de videovixancia para o control do tráfico en accesos restrinxidos ou prohibidos:*

*Artigo 23. Procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación*

*Require engadir un punto que conteña a regulación que ampare a instalación de medios técnicos para o control do tráfico en accesos restrinxidos ou prohibidos.*

*Propónse como nova redacción a seguinte:*

*Artigo -23- Procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación*

*1. Os particulares e calquera entidade privada ou pública distinta do Concello de Monforte de Lemos que pretendan a instalación de sinais de circulación deberán presentar solicitude a este, na que constará o n.º e tipo de sinais a instalar, o lugar onde pretenden situalas así como os motivos que xustifiquen a súa petición e se esta ten carácter temporal ou permanente, quen resolverá a súa concesión ou denegación, requirindo previamente informe da Policía Local.*

*2. Unicamente se autorizarán sinais informativos de circulación. A súa concesión está suxeita a que, a criterio do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, teñan interese público e o custo de instalación e mantemento destes sinais será a cargo do beneficiario da autorización.*

*3. As concesión de dereitos de uso privativos, como vaos ou zonas reservadas que puidesen autorizarse en aplicación do previsto na presente ordenanza leva implícita a autorización de instalación da correspondente sinalización polo tempo de vixencia dos mesmos.*





*4. Exclúese do establecido neste artigo a sinalización de obras ou obstáculos na vía que se efectuará de acordo coa súa regulación específica.*

*5.- Medios técnicos para control do tráfico en acceso restrinxidos ou prohibidos.*

*O concello de Monforte de Lemos disporá, para a vixilancia e disciplina do tráfico e a constatación de determinadas condutas viarias como feitos constitutivos de infracción aos preceptos establecidos nas normas de tráfico e circulación de vehículos, de medios técnicos a través dos que se poida determinar a existencia da infracción e a identificación do vehículo.*

*Os instrumentos determinados para a captación de infraccións deberán cumprir cos requisitos que se establezcan legalmente.*

*A xestión das imaxes captadas por medios técnicos corresponderalle á Policía Local de Monforte de Lemos, sen prexuízo dos acordos aos que poida chegar o Concello en materia de trámite das denuncias que puidesen resultar, ou para a recadación das sancións que leven aparelladas, serán debidamente custodiadas e non se utilizaran para outros fins.*

*A instalación e uso de videocámaras e de calquer outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico será acordada pola Alcaldía ou se é o caso, a Xunta de Goberno Local ou o/a concelleiro/a delegado/a. A Xestión dos datos e imaxes obtidas corresponderalle á Policía Local, para os fins previstos na normativa específica na materia e pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos. O concello poderá contratar a instalación e mantemento con empresas especializadas.*

*A disposición ou resolución, de ser o caso, que ordene a instalación e o uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución identificará xenericamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións ou rexistros obtidos, serán xestionados polo servizo da Policía Local, encargada da súa custodia, e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.*

*A utilización das videocámaras contempladas nesta disposición polas forzas e corpos de seguridade para fins distintos dos previstos nesta rexerese polo disposto na Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de*



*seguridade en lugares públicos e no seu regulamento de desenvolvemento e execución.*

ARTIGO 32. Normas xerais. (Da circulación de bicicletas)

*Require a supresión do último parágrafo do seo punto primeiro, no que na actualidade se autoriza a circulación de bicicletas polas rúas peonis sempre que o fagan coa debida precaución, adecúen a velocidade ao paso das persoas sen que en ningún caso superen os 10 km/h, e respecten en todo momento a prioridade dos peóns. Todo elo en consonancia coa nova normativa cuxa regulación tende a reservar este tipo de espazos exclusivamente ós peóns.*

*Propónse como nova redacción a seguinte:*

*Artigo -32- Normas xerais*

*1. As bicicletas circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada, permitíndose a circulación en paralelo salvo nos tramos de visibilidade reducida, estreitos ou afectados de alta densidade de tráfico.*

*Nas vías en que exista beiravía circularán pola da súa dereita se fose practicable.*

*Queda prohibida a súa circulación polas vías e espazos peonís.*

*2. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá crear espazos reservados para circulación exclusiva de bicicletas que se denominarán carrís bici e que se sinalizarán especificamente como tales.*

*As bicicletas que circulen por estes respectarán a sinalización, a ordenación do tránsito e as normas de prioridade de paso previstas para o resto de vehículos.*

*3. Nos espazos segregados do tráfico, parques, xardíns ou bosques, poderanse crear sendas ciclables, as cales terán que estar especificamente sinalizadas como tales e nelas as bicicletas poderán circular compartindo espazo cos peóns.*

*4. Cando teñan que circular pola calzada, farano polo carril máis próximo á beirarrúa, excluídos os reservados ao transporte público (Carril Bus), podendo ocupar a parte central destes, e gozarán das prioridades de paso que teñen os vehículos segundo as vixentes normas de tránsito. No caso de xiro autorizado á esquerda os ciclistas poderán facer uso dos carrís de xiro que sexan procedentes.*



5. Os peóns poderán cruzar os carrís bici, pero non os poderán ocupar nin camiñar sobre eles. Fóra dos pasos peonís convenientemente sinalizados, a preferencia de paso é das bicicletas.

6. Con carácter xeral, os ciclistas non poderán circular a velocidade superior aos 30 Km/h nas vías obxecto de regulación pola presente ordenanza. Quedan obrigados a respectar as limitacións inferiores, tanto xenéricas como específicas, que afecten á vía pola que circulen.

7. Os ciclistas poden circular en grupo cando o fagan pola calzada, nese caso consideraranse como unha única unidade móbil para os efectos de prioridade.

ARTIGO 37. *Circulación de aparellos de mobilidade persoal.*

*Require especificar que este artigo se refire os aparellos específicos destinados o desprazamento de persoas con mobilidade reducida, os cales terán a todos os efectos a consideración de peóns e polo tanto carentes de relación cos regulados no artigo 38.*

*Propónse como nova redacción a seguinte:*

*Artigo -37- Circulación de aparellos de mobilidade persoal específicos para desprazamento de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.*

*Os usuarios que por razóns de discapacidade ou por outras causas similares fagan uso de aparellos de mobilidade persoal, con ou sen motor, para realizar os seus desprazamentos, teñen a consideración peóns polo que o seu comportamento rexerese polas normas que afectan a estes.*

ARTIGO 38. *Circulación de aparellos de mobilidade persoal e doutros tipos de enxeños mecánicos.*

*A modificación a introducir neste caso ten por finalidade establecer con claridade a obriga de circulación dos aparellos de mobilidade persoal polos espazos que especificamente se lles reserven ou, de non existir, pola calzada, quedando permitida unicamente a circulación polas beirarrúas e rúas residenciais dos monopatíns, patíns e similares na forma en que xa se atopaba recollida no artigo 121 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, que non resulta modificado.*

*Propónse como nova redacción a seguinte:*



*Artigo -38- Circulación de aparellos de mobilidade persoal e doutros tipos de enxeños mecánicos.*

*1. Considerásense como tales aos enxeños mecánicos sen motor e aos de motor eléctrico como os patines eléctricos de calquera tipo, segways, e análogos, debidamente homologados e autorizados conforme á normativa vixente así como todos os que teñan a consideración legal de vehículos de mobilidade persoal. Exceptúanse os de uso infantil ou que podan ser considerados como xoguetes.*

*2. Os que utilicen monopatines, patines ou aparellos similares non poderán circular pola calzada nin polos espazos e rúas peonís, salvo que se trate de zonas, vías o partes de éstas que lles estén especialmente destinadas, e sólo poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas o polas rúas residenciais debidamente sinalizadas, sin que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos. No seu tránsito deberán acomodar a súa marcha á dos peóns, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo e en ningún caso gozarán de prioridade respecto de os peóns.*

*3. Todos os aparellos de mobilidade persoal e outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou aparellos similares, circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada. Non poderán circular pola beirarrúa nin por rúas e espazos peonís e no seu tránsito deberán respectar a totalidade da sinalización que lles afecte así como calquera norma de comportamento na circulación e uso da vía prevista na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.*

*4. Ademáis da prohibición anterior, tampouco poderán circular polas vías que teñan a consideración de travesías nin polas vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos.*

*5. Con estes aparellos de mobilidade persoal e enxeños mecánicos non se pode circular sobre o mobiliario urbano, tales como bancos, varandas ou similares, nin sendo arrastrados por outros vehículos.*

#### ARTIGO 45. Velocidades nas vías públicas

*Procede neste caso levar a cabo a adaptación das velocidades máximas xenéricas que establece a nova normativa para os distintos tipos de vías que pasan a ser da actual única para todo tipo de vía de 50 km/h, a tres tipos en función de si se trata de vías que teñan a consideración de travesías, do número de carriles de circulación de que dispoñan para cada sentido ou si están conformadas por unha plataforma única. Igualmente, fáise necesario incorporar todas as posibilidades de*



*modificación destas velocidades que a lei confire ás Autoridades ou Órganos de Goberno municipais respecto das vías da súa titularidade.*

*Propónse como nova redacción a seguinte:*

*Artigo -45- Velocidades nas vías públicas*

*1. As velocidades máximas xenéricas a que se poderá circular en vías urbanas serán as seguintes:*

*a) 20 km/h en vías que dispoñan de plataforma única de calzada y beirarrúa.*

*b) 30 km/h en vías de un único carril por sentido de circulación.*

*c) 50 km/h en vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación.*

*A estos efectos, os carriles reservados para a circulación de determinados usuarios ou uso exclusivo de transporte público no serán contabilizados.*

*2. As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas previa sinalización específica, pola Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.*

*3. Excepcionalmente, a Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá aumentar a velocidade en vías de un único carril por sentido hasta una velocidad máxima de 50 km/h, previa sinalización específica.*

*4. Nas vías urbanas vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación e nas travesías, os vehículos que transporten mercancías perigosas circularán como máximo a 40 km/h.*

*5. O límite xenérico de velocidade en travesías é de 50 km/h para todo tipo de vehículos. Este límite poderá ser rebaixado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico co titular da vía, previa sinalización específica.*

*6. O límite xenérico de velocidade en autopistas e autovías que transcurren dentro de poblado será de 80 km/h, non obstante poderá ser ampliado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e o titular da vía, previa sinalización específica, sin rebasar en ningún caso os límites xenéricos establecidos para ditas vías fora de poboado.*

*7. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e os titulares da vía poderán adoptar as medidas necesarias para lograr o calmado do tráfico e facilitar a percepción dos límites de velocidade establecidos.*



8. O límite xenérico de velocidade para os ciclos e bicicletas que será de 30 km/h, debendo respetar calquera límite fixado por sinalización máis restrictiva.

9. Por razóns de seguridade viaria, medio ambientais, de mobilidade e uso poderanse establecer límites inferiores nas vías ou zonas que a autoridade municipal estime procedente, sendo estes prevalentes sobre o xenérico establecido no punto anterior.

10. Prohíbese realizar competicións de velocidade nas vías públicas ou de uso público, salvo que, con carácter excepcional ou deportivo, se autorizasen polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e sexan pechadas ao tráfico doutros usuarios.

11. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico será a responsable de de fixar as limitacións de velocidade nas vías interurbanas das que sexa titular, así como de instalar a correspondente sinalización, sempre de acordo coa normativa contida na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

#### ARTIGO 49. Zona peonil

A modificación a aplicar neste caso comprende a supresión do apartado h) actual que recolle a autorización de circulación de bicicletas porlas rúas peonís en calquera horario, en concordancia coa mesma prohibición introducida no artigo 32.1.

Propónse como nova redacción a seguinte:

#### Artigo -49- Zona peonil

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.

b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro do área ou zona peonil.

c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro do área ou zona peonil.

d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.



- e) Os taxis para recollida de clientes en domicilios dentro da área ou zona peonil.*
- f) Os vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M.M.A. non superior a 2.000 kg para o reparto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.*
- g) Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.*
- h) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil.*
- i) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.*
- j) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade.*

*2. As vías peonís actuais do Concello de Monforte de Lemos son as que se relacionan no Anexo I-B da presente ordenanza.*

*3. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade poderá establecer outras vías ou zonas peonís.*

**ARTIGO 50. Autorizacións (De acceso e circulación pola zona peonil).**

*A modificación a aplicar neste caso comprende a reorganización dos requisitos a cumprir en cada caso dos autorizados para acceso ás rúas peonís, segundo os distintos supostos o haber eliminado o apartado h) do artigo 49.*

*Propónse como nova redacción a seguinte:*

**Artigo -50- Autorizacións**

*1. Os vehículos comprendidos nos puntos a), b), c), d), e), f) e g) do punto 1 do artigo 49, dentro do exercicio das súas funcións, e do horario expresamente autorizado no seu caso, non precisan autorización previa para acceder e circular polas zonas peonís.*

*2. O acceso dos comprendidos nos puntos f) e g) fora do horario establecido como de acceso libre e nos puntos h) e i) do artigo anterior queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello polo promotor ou polo contratista da obra ou polo titular do vehículo ou vehículos cuxo acceso se pretenda, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá.*



3. Os vehículos con acceso autorizado a zonas peonís non poderán permanecer estacionados nestas salvo o tempo necesario para a realización das actividades cuxa execución xustifica e ampara o seu acceso.

Realizarán a súa circulación e estacionamento na forma que menos prexudiquen ou molesten ao resto dos usuarios, en especial aos peóns e a velocidade adecuada ás circunstancias da vía e nunca superior a 20 km/h.

SEGUNDA.- O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 21 de maio de 2021, emite informe do tenor literal seguinte:

**“INFORME DA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da





*potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.*

*QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bando. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.*

*SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.*

*SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).*

*OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.*

*O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.*

*En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:*

- a. *Consulta pública previa.*



*De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas se substanciará unha consulta pública.*

*Consta no expediente a realización da consulta pública previa mediante inserción na páxina web do Concello, por un prazo de 15 días comprendido entre o 28 de abril e o 13 de maio do 2021.*

*Consta certificación desta Secretaría Xeral de que, no prazo sinalado no punto anterior, non foi presentada ningunha aportación á ordenanza.*

*b. Informes previos.*

*O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.*

*c. Aprobación inicial polo Pleno.*

*Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.*

*d. Información pública e audiencia dos interesados.*

*O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.*

*Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).*

*e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*



*Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.*

*Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.*

*f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

*g. Entrada en vigor.*

*Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requirimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).*

*NOVENO.- A consulta pública previa foi realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.*

*DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.*

*Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico do Concello de Monforte de Lemos”.*

*Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:*



**PRIMEIRO.-** *Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, quedando redactados os artigos que se relacionan, na forma que, a continuación, se indica:*

*Artigo 23.- Procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación*

*1. Os particulares e calquera entidade privada ou pública distinta do Concello de Monforte de Lemos que pretendan a instalación de sinais de circulación deberán presentar solicitude a este, na que constará o n.º e tipo de sinais a instalar, o lugar onde pretenden situalas así como os motivos que xustifiquen a súa petición e se esta ten carácter temporal ou permanente, quen resolverá a súa concesión ou denegación, requirindo previamente informe da Policía Local.*

*2. Unicamente se autorizarán sinais informativos de circulación. A súa concesión está suxeita a que, a criterio do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, teñan interese público e o custo de instalación e mantemento destes sinais será a cargo do beneficiario da autorización.*

*3. As concesións de dereitos de uso privativos, como vaos ou zonas reservadas que puidesen autorizarse en aplicación do previsto na presente ordenanza leva implícita a autorización de instalación da correspondente sinalización polo tempo de vixencia dos mesmos.*

*4. Exclúese do establecido neste artigo a sinalización de obras ou obstáculos na vía que se efectuará de acordo coa súa regulación específica.*

*5.- Medios técnicos para control do tráfico en acceso restrinxidos ou prohibidos.*

*O concello de Monforte de Lemos disporá, para a vixilancia e disciplina do tráfico e a constatación de determinadas condutas viarias como feitos constitutivos de infracción aos preceptos establecidos nas normas de tráfico e circulación de vehículos, de medios técnicos a través dos que se poida determinar a existencia da infracción e a identificación do vehículo.*

*Os instrumentos determinados para a captación de infraccións deberán cumprir cos requisitos que se establezcan legalmente.*

*A xestión das imaxes captadas por medios técnicos corresponderalle á Policía Local de Monforte de Lemos, sen prexuízo dos acordos aos que poida chegar o Concello en materia de trámite das denuncias que puidesen resultar, ou para a recadación das sancións que leven*



*aparelladas, serán debidamente custodiadas e non se utilizaran para outros fins.*

*A instalación e uso de videocámaras e de calquer outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico será acordada pola Alcaldía ou se é o caso, a Xunta de Goberno Local ou o/a concelleiro/a delegado/a. A Xestión dos datos e imaxes obtidas corresponderalle á Policía Local, para os fins previstos na normativa específica na materia e pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos. O concello poderá contratar a instalación e mantemento con empresas especializadas.*

*A disposición ou resolución, de ser o caso, que ordene a instalación e o uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución identificará xenericamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións ou rexistros obtidos, serán xestionados polo servizo da Policía Local, encargada da súa custodia, e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.*

*A utilización das videocámaras contempladas nesta disposición polas forzas e corpos de seguridade para fins distintos dos previstos nesta rexerese polo disposto na Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos e no seu regulamento de desenvolvemento e execución.*

#### *Artigo 32.- Normas xerais*

*1. As bicicletas circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada, permitíndose a circulación en paralelo salvo nos tramos de visibilidade reducida, estreitos ou afectados de alta densidade de tráfico.*

*Nas vías en que exista beiravía circularán pola da súa dereita se fose practicable.*

*Queda prohibida a súa circulación polas vías e espazos peonís.*

*2. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá crear espazos reservados para circulación exclusiva de bicicletas que se denominarán carrís bici e que se sinalizarán especificamente como tales.*

*As bicicletas que circulen por estes respectarán a sinalización, a ordenación do tránsito e as normas de prioridade de paso previstas para o resto de vehículos.*



3. Nos espazos segregados do tráfico, parques, xardíns ou bosques, poderanse crear sendas ciclables, as cales terán que estar especificamente sinalizadas como tales e nelas as bicicletas poderán circular compartindo espazo cos peóns.

4. Cando teñan que circular pola calzada, farano polo carril máis próximo á beirarrúa, excluídos os reservados ao transporte público (Carril Bus), podendo ocupar a parte central destes, e gozarán das prioridades de paso que teñen os vehículos segundo as vixentes normas de tránsito. No caso de xiro autorizado á esquerda os ciclistas poderán facer uso dos carrís de xiro que sexan procedentes.

5. Os peóns poderán cruzar os carrís bici, pero non os poderán ocupar nin camiñar sobre eles. Fóra dos pasos peonís convenientemente sinalizados, a preferencia de paso é das bicicletas.

6. Con carácter xeral, os ciclistas non poderán circular a velocidade superior aos 30 Km/h nas vías obxecto de regulación pola presente ordenanza. Quedan obrigados a respectar as limitacións inferiores, tanto xenéricas como específicas, que afecten á vía pola que circulen.

7. Os ciclistas poden circular en grupo cando o fagan pola calzada, nese caso consideraranse como unha única unidade móbil para os efectos de prioridade.

*Artigo 37.- Circulación de aparellos de mobilidade persoal específicos para desprazamento de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.*

*Os usuarios que por razóns de discapacidade ou por outras causas similares fagan uso de aparellos de mobilidade persoal, con ou sen motor, para realizar os seus desprazamentos, teñen a consideración peóns polo que o seu comportamento rexerase polas normas que afectan a estes.*

*Artigo 38.- Circulación de aparellos de mobilidade persoal e doutros tipos de enxeños mecánicos.*

1. Considerásense como tales aos enxeños mecánicos sen motor e aos de motor eléctrico como os patines eléctricos de calquera tipo, segways, e análogos, debidamente homologados e autorizados conforme á normativa vixente así como todos os que teñan a consideración legal de vehículos de mobilidade persoal. Exceptúanse os de uso infantil ou que podan ser considerados como xoguetes.

2. Os que utilicen monopatines, patines ou aparellos similares non poderán circular pola calzada nin polos espazos e rúas peonís, salvo que se trate de zonas, vías o partes de éstas que lles estén especialmente destinadas, e sólo poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas o polas rúas residenciais debidamente sinalizadas, sin



*que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos. No seu tránsito deberán acomodar a súa marcha á dos peóns, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo e en ningún caso gozarán de prioridade respecto de os peóns.*

*3. Todos os aparellos de mobilidade persoal e outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou aparellos similares, circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada. Non poderán circular pola beirarrúa nin por rúas e espazos peonís e no seu tránsito deberán respectar a totalidade da sinalización que lles afecte así como calquera norma de comportamento na circulación e uso da vía prevista na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.*

*4. Ademáis da prohibición anterior, tampouco poderán circular polas vías que teñan a consideración de travesías nin polas vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos.*

*5. Con estes aparellos de mobilidade persoal e enxeños mecánicos non se pode circular sobre o mobiliario urbano, tales como bancos, varandas ou similares, nin sendo arrastrados por outros vehículos.*

#### *Artigo 45.- Velocidades nas vías públicas*

*1. As velocidades máximas xenéricas a que se poderá circular en vías urbanas serán as seguintes:*

*a) 20 km/h en vías que dispoñan de plataforma única de calzada y beirarrúa.*

*b) 30 km/h en vías de un único carril por sentido de circulación.*

*c) 50 km/h en vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación.*

*A estos efectos, os carriles reservados para a circulación de determinados usuarios ou uso exclusivo de transporte público no serán contabilizados.*

*2. As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas previa sinalización específica, pola Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.*

*3. Excepcionalmente, a Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá aumentar a velocidade en vías de un único carril por sentido hasta una velocidad máxima de 50 km/h, previa sinalización específica.*

*4. Nas vías urbanas vías de dous ou máis carriles por sentido de circulación e nas travesías, os vehículos que transporten mercancías perigosas circularán como máximo a 40 km/h.*



5. O límite xenérico de velocidade en travesías é de 50 km/h para todo tipo de vehículos. Este límite poderá ser rebaixado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico co titular da vía, previa sinalización específica.

6. O límite xenérico de velocidade en autopistas e autovías que transcurren dentro de poblado será de 80 km/h, non obstante poderá ser ampliado por acordo da Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e o titular da vía, previa sinalización específica, sin rebasar en ningún caso os límites xenéricos establecidos para ditas vías fora de poboado.

7. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e os titulares da vía poderán adoptar as medidas necesarias para lograr o calmado do tráfico e facilitar a percepción dos límites de velocidade establecidos.

8. O límite xenérico de velocidade para os ciclos e bicicletas que será de 30 km/h, debendo respetar calquera límite fixado por sinalización máis restrictiva.

9. Por razóns de seguridade viaria, medio ambientais, de mobilidade e uso poderanse establecer límites inferiores nas vías ou zonas que a autoridade municipal estime procedente, sendo estes prevalentes sobre o xenérico establecido no punto anterior.

10. Prohíbese realizar competicións de velocidade nas vías públicas ou de uso público, salvo que, con carácter excepcional ou deportivo, se autorizasen polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e sexan pechadas ao tráfico doutros usuarios.

11. A Autoridade ou Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico será a responsable de de fixar as limitacións de velocidade nas vías interurbanas das que sexa titular, así como de instalar a correspondente sinalización, sempre de acordo coa normativa contida na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

#### Artigo 49.- Zona peonil

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.

b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro do área ou zona peonil.





- c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro do área ou zona peonil.*
  - d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.*
  - e) Os taxis para recollida de clientes en domicilios dentro da área ou zona peonil.*
  - f) Os vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M.M.A. non superior a 2.000 kg para o reparto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.*
  - g) Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.*
  - h) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil.*
  - i) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.*
  - j) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade.*
- 2. As vías peonís actuais do Concello de Monforte de Lemos son as que se relacionan no Anexo I-B da presente ordenanza.*
- 3. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade poderá establecer outras vías ou zonas peonís.*

#### *Artigo 50.- Autorizacións*

- 1. Os vehículos comprendidos nos puntos a), b), c), d), e), f) e g) do punto 1 do artigo 49, dentro do exercicio das súas funcións, e do horario expresamente autorizado no seu caso, non precisan autorización previa para acceder e circular polas zonas peonís.*
- 2. O acceso dos comprendidos nos puntos f) e g) fora do horario establecido como de acceso libre e nos puntos h) e i) do artigo anterior queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello polo promotor ou polo contratista da obra ou polo titular do vehículo ou vehículos cuxo acceso se pretenda, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá.*
- 3. Os vehículos con acceso autorizado a zonas peonís non poderán permanecer estacionados nestas salvo o tempo necesario para a realización das actividades cuxa execución xustifica e ampara o seu acceso.*



*Realizarán a súa circulación e estacionamento na forma que menos prexudiquen ou molesten ao resto dos usuarios, en especial aos peóns e a velocidade adecuada ás circunstancias da vía e nunca superior a 20 km/h.*

**ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS do Artigo 32,**

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	032	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Circular cunha bicicleta pola beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	1	1B	0	Leve Art.128 c)	Circular cunha bicicleta por unha rúa ou espazo peonil.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	1	1C	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola beiravía da esquerda.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	1	1D	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola calzada existindo beiravía do seu lado dereito practicable.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	4	4A	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta sen facelo polo carril máis próximo á beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	4	4B	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta invadindo un carril ou zona reservada ao transporte público.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5A	0	Leve Art.128 c)	Circular un peón sobre un carril -bici.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5B	0	Leve Art.128 c)	Non ceder o peón a preferencia de paso ás bicicletas nun carril- bici fóra de paso de peóns sinalizado.	80,00 € 40,00 €

**ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS do Artigo 38.**

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	038	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Circular pola calzada sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen causa xustificada. Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	2	2B	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar por un espazo ou rúa peonil. Deberá indicarse o aparello utilizado.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	2	2C	0	Leve Art.128 c)	Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen acomodarse á marcha dos peóns (sempre que non constitúa perigo para os demais usuarios). Deberá	80,00 € 40,00 €



						<i>indicarse o aparello utilizado.</i>	
O.M.C.	038	2	2 D	0	Grave Art.129 c)	<i>Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen acomodarse á marcha dos peóns constituindo perigo para os demais usuarios. Deberá indicarse o aparello utilizado e o perigo creado.</i>	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	038	2	2E	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sendo arrastrado por outro vehículo. Deberá indicarse o aparello utilizado.</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	3	3A	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou similares, por espazo distinto do especificamente a eles destinado ou autorizado, ou da calzada. Deberá indicarse o lugar polo que circula.</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	3	3B	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou similares pola calzada, existindo espazo especificamente a eles destinado ou autorizado.</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	4	4A	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular con un aparello de mobilidade persoal ou outros tipos de enxeños mecánicos por vías que teñan a consideración de travesías, vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos</i>	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	038	5	5A	0	Leve Art.128 c)	<i>Circular sobre o mobiliario urbano cun aparello de mobilidade persoal, monopatín, patín ou aparello similar (deberá indicarse o aparello utilizado).</i>	80,00 € 40,00 €

**SEGUNDO.-** De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.



**TERCEIRO.-** *Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o que se trata é de axeitar a ordenanza á lei vixente, sobre todo o uso de medios de mobilidade individual, ademáis de adaptar a esa nova lei de velocidade dentro das cidades. Di que eles non teñen inconvincente, o que non están tanto a favor é o tema dos medios técnicos para vixiar o tráfico, mediante videocámaras. Di que a xente é recelosa, di que cren ao seu entender que se pode, para controlar o tráfico nesas zonas peonís, cren que hai medios alternativos para vixiar ese tráfico, sen a utilización das videocámaras, di que se van abster por este pequeno inciso. No relativo á velocidade, si que é importante modificar a velocidade naquelas vías como é a da Compañía.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que eles están ledos en que se convirtan as cidades máis peonís, di que eles o entenden como algo moi positivo. No tema da vixiancia entenden que é algo que se vai aprobar non estando moi de acordo. Fala que se teña un policía nos plenos, poderían estar facendo outras labores.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as modificacións básicas polas que se modifica a ordenanza é polo control de velocidades e o dos vehículos polas rúas e zonas peonís, salvo que sexan nenos. Tamén o control telemático das infraccións. Falan vostedes de que hai outros medios de poder controlar, é imposible ter un policía en cada zona todo o día. Non hai afán de control de ningún cidadán, esas imaxes as vai custodiar a policía local, se hai motivo de infracción se tramitará a correspondente denuncia.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Mixto.

**5º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE! SOLICITANDO O MANTEMENTO E COIDADADO DA PASARELA DO MALECÓN.**

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

*“Que se tomen as medidas precisas para restaurar e coidar, como se merece a citada pasarela, ao mesmo tempo que lles solicitamos que se utilicen os medios técnicos necesarios para facela máis asesquible ao acceso de persoas con mobilidade reducida”.*



De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura a moción presentada. Di que non queren polemizar, fala da adaptación para persoas con mobilidade reducida, di que a competencia e do goberno, a pasarela hai que coidala, pero mentres tanto esperando sería imprescindible que vostedes a coidasen que o mantemento sexa o mellor posible.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que a iniciativa en si da para moito debate. É obriga do Concello manter os seus bens inmoables. Fala de que hai que manter o que se ten. Fala de que días atrás o Concello tivo que reparar a ponte que hai no regato do asilo, as cousas vanse deteriorando, mentres a ponte de madeira estea en pé e sexa de uso público, sería cuestión de facer cada pouco unha especie de mantemento.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que eles están de acordo que mentres non se faga unha ponte nova se faga unha conservación da que hai.


Intervén D. Ibán Torres di que canto máis mira a moción, di que carece de sentido. Sinala que o equipo de goberno non vai caer en ningún tipo de polémica. Cando o alcalde do PP puxo a pasarela do Malecón, xa no seu día protestaron cando se puxo a pasarela. Este equipo de goberno ten un compromiso de construír unha nove ponte, poñer a ponte vella peatonal, coa ponte de ferro preténdese recuperar parte da nosa historia. Di que soamente unha posibilidade hai unha posibilidade que non se constrúa se a Confederación Hidrográfica non dea o seu consentimento, di que mentres estea en servizo darase o mantemento básico.

Intervén D. Jaime Germán se o que se pide é mantemento, pero se o van facer, non é certo para pechar a ponte vella se teña que facer outra ponte. Se vostedes están de acordo con que a pasarela ten que ter un mantemento, voten en contra pero fagan o mantemento. Sobre o tema da ponte di que terán tempo.

Intervén D. Katherinie Varela di que o pón a moción, non fala nada de que non se faga a ponte nova, consideran que está ben, polo menos que se arranxe.

Intervén D. Ibán Torres di que non sabe se se entende o que di. Pregunta, non se mantén ao caso? Non esta coidada? Qué entende vostede por pouca atención? Qué como se merece? Faga propostas concretas.

Intervén D. Jaime Germán o que solicita un mantemento adecuado, que non teña buratos, se hai que pintala que se pinte, é tan sinxelo. Esta é unha moción que non tan nada coa ponte, aquí non o viron. Fala de que haxa un mantemento adecuado da pasarela do Malecón. Vir a queixarse aquí de que non se di o que queren, simplemente solicitan o mantemento da pasarela.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede na moción di restaurar, é algo que está en ruína, e logo fala vostede de facela máis accesible, habería que facer obras. Di que eles non soñan coa ponte, xa que teñen un compromiso e van levalo a cabo, que sexa unha realidade da conservación da ponte vella, outra cousa é mellorar a mobilidade de ambas zonas e non é verdade que iso vaia meter tráfico ao tráfico, é xustamente o contrario e vai permitir tráfico á rúa Hortas e a ponte nova, polo tanto quítase tráfico do centro, non se pode enganar. Fala vostede de mantemento, como xa se fai, ese burato que di D<sup>a</sup> Katherinie, non colle nin un dedo. Calquera modificación desta ponte no leito dun río, debe contar co permiso da Confederación Hidrográfica e ademais sabe vostede o que está dicindo, esta pasarela nunca estivo autorizada pola Confederación, que está alegal, vostede sabía iso? Por iso fai as propostas que fai, colocouse sen a autorización da Confederación no seu día. Colocouse ningún dixo nada e iso quedou aí.

Esa pasarela non foi nunca autorizada pola Confederación.

Sinala que eles invirten en mellorar as parroquias, nunca estiveron como esta agora. Cando se detectou que na zona das monxas había un fallo, rápidamente se arranxou. O mantemento se fai, vaise facendo de inmediato. O que lle sorprende é que fan unhas afirmacións, para pechar a ponte vella, non fai falla unha ponte nova, cando gobernaron vostedes, a súa candidatura fíxose aquí no despacho da alcaldía, a primeira, dirixíndose ao Sr. Germán, non o fixeron. Sempre dixeron o contrario, cando se redactou aquí o primeiro dos plans que caeron no caixón, o anterior alcalde e o seu asesor de urbanismo na reunión co redactor D. Antonio de Vega, se lle dixo desa ponte xa no malecón, sabe que contestaron que había que quitar os coches do malecón e facer un voulevar.

Di que vai rematar cunha cousa que sae nun xornal do voceiro do BNG do Concello de Lugo, parece que ten unha crítica coas liñas de autobuses, *“todos os cambios son polémicos ao principio, pero se ten medo ás queixas non fan nada”*, di que fai súas as súas palabras. Unha cousa é gobernar con responsabilidade outra cousa é propoñer por propoñer. Di que non se trata de votar a favor ou en contra, se se vota en contra é porque non se pode apoiar unha cousa que xa se está facendo o mantemento.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA MODIFICAR AS BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN.**

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

*“-Que se modifiquen as bases e se prorrogue o prazo de inscrición, de maneira que se oferten máis prazas para nenos con necesidades especiais sen limitacións de necesidades de terceira persoa e se contrate apra este cometido o persoal necesario.*



*-Subsidiariamente, no caso de que non se contemple máis número de prazas, que se modifique esa limitación e se flexibilice a participación de estes nenos contratando o persoal adecuado para a súa atención”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura a moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles están a favor desta iniciativa. Di que é certo que este ano é un ano que economicamente hai posibilidades, fala de ampliar o prazo por mor da situación sanitaria que temos. Con respecto ás prazas das persoas con algún tipo de problemas de inclusión, dicir a palabra lamentable igual lle soa mal, de 600 e pico prazas que se ofertan, que somentes 4 para persoas con problemas de inclusión, non abonda con iluminar a Torre da Homenaxe cando se celebra o día de cada patoloxía, do mesmo xeito que se fan noutros ámbitos, di que se deben facer, incrementar o número de prazas. Saber que foi un ano moi complicado e sobre todo para estes cativos que teñen este tipo de problemas, e polo tanto, necesitan estes campamentos. Isto cre que é unha deficiencia que vemos todos, incluso a sociedade, modificar se é posible, non se está pedindo que se faga ningún tipo de ilegalidade. Van votar a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que van votar a favor, porque se falan de elementos inclusivos, adaptados, se intenta na medida do posible no tema da discapacidade, destes nenos que cada quén ten o seu problema, habería que traballar no senso de que toda esa xente se sinta arroupada, increméntanse as prazas e o tempo, entende que é un problema de cartos e de competencia. As competencias dirán que non son do Concello, inda que no nsexan as competencias, pero si son dos veciños. Di que hai un remanente bastante grande, poderíase gastar os cargos neste que é un tema social.

Intervén D. Ibán Torres di que non se pode presumir de inclusión na teoría e na práctica. Di que é moi sinxelo senbilizarse. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie que á a súa obrigaón coñecer as ordes que publican as consellerías. O que vostede pide na súa moción, debe esixirse a quén pode facelo, á Xunta de Galicia, á persoa responsable de Política Social, fala da convocatoria dos campamentos de verán e sinala *“que en el certificado de reconocimiento de discapacidad no se recoja necesidad de ayuda de tercera persona”*. Frase que recoga literalmente nuestras bases, digan entón que é o que faga diferente este Concello distinto á Xunta de Galicia. O técnico do concello que transcribiu as bases soamente fixo o que recollen as bases da Xunta, á única que pode solucionar estes problemas é a Xunta de Galicia que é a que ten as competencias, todo o mundo o sabe. Quiere que quede constnaci aante un tema como este que queda o que dí as bases da Xunta.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que efectivamente hai unha orde que di o que di vostede, pero a Xunta establece dous tipos de campamentos, xa separa campamentos para nenos especiais e campamanetos para nenos que non necesitan o apoio de terceiras personas. A xunta non lles impide que dentro das súas bases



podan ou no poñer. O que é obvio se queren poden, pero si dar facilidades para esas prazas queden cubertas para eses nenos que o necesitan. En canto aos campamentos que elabora a xunta xa teñen outro tipo de campamentos para nenos que teñen este tipo de capacidade. A esencia da moción está clara.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ve que non vai prosperar a iniciativa, é unha mágoa, ata as veces escoitar cousas. Se a xunta fan cousas mal, nós seguimos detrás deles, di que isto non é máis que unha iniciativa non un posicionamento político, cando se reservar 4 prazas para persoas con discapacidade, por exemplo, unha persoa con autismo que grao de discapacidade ten, queremos inclusión, simplemente que desas prazas haxa 8 as que se necesiten, saber que persoas poden ter ese tipo de problemas. Vostede Sr. Alcalde falaba do comentario de prensa de D. Ruben Arroxo, está recoñecendo que certas críticas poden xurdir, polo tanto que isto máis que unha crítica á xestión é unha achega do que se debe facer, se se pode facer. Evidentemente vostedes están gobernando e saben o que fan e o porqué das cousas.

Intervén D. Jaime Germán di que ten claro que se queren os cartos e cales son as súas prioridades. Non se pode falar de gasto social, seguro que isto costa cartos. O seu espello non pode ser a Xunta de Galicia se fai todo mal, pois fagan todo o contrario faganno ben. Indudablemente costará cartos, o único que se pide que para unha cousa de integración que vostedes teñan a ben levalo a cabo. Di que non deberían estar permanente enoxados porque se traían cousas aquí que son absolutamente normais.

Intervén D. Ibán Torres di que está pasmado coa idea que ten vostedes do funcionamento da administración pública. Di que isto non é problema de cartos senón de competencias. Vostede di que é unha cousa tan obvia que debe ter en contra, di que eles non o poden solucionar, sinala que lle resulta ofensivo que se utilicen este tipo de cousas.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que non entendeu a D. Ibán Torres o que dixo, na anterior exposición a xunta regulaba dous tipos de campamentos, vostede fixeron un corta pega dun tipo de campamento da Xunta. A esencia da moción é clara gustaríalle que estes nenos puideran poder acceder, este equipo de goberno non pensou neles, dicindo que non é da súa competencia o arranxan.

Intervén o Sr. Alcalde di que se está a falar de persoas e de cuestións Sociais. Sinala que o estatuto de autonomía de Galicia é unha lei orgánica e di que servizos Sociais é exclusiva da Xunta de Galicia, por certo, hai moitos Concellos de arredor que non fan ningún tipo de campamento. Di que eles son sensibles e pensan nesas persoas, por iso se reservan o 10% das prazas. Non todas as queixas teñen razón nin aportan rendabilidade política se é o que están pensando vostedes. Vostedes pararon a pensar un pouquiño o que están dicindo, cando falan de incrementar? Estamos en pandemia e se están a utilizar tres pavillóns distintos. O ano pasado xa





se incrementaron as prazas. Vostede D<sup>a</sup> Katherinie dígalle que se anoten aos campamentos da Xunta, porque o Concello xa está a facer un esforzo.

Di que cando se fala aquí dos presupostos todo o ano aumentar gasto e á hora de facer o presupostos reducir gastos. Dille a D. Germán que as cousas xa se están facendo ben e que a Xunta cumpra as súas obrigacións. Sinala que o Concello está facendo un esforzo máis aló das súas obrigacións.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A LIMPEZA DOS REGATOS DO RÍO CABE.**

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

*“Instar ao equipo de goberno a que adquira o compromiso, ou ben por propios medios ou ben instando á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, da limpeza das zonas máis perigosas e próximas o casco urbano dos regatos que transcorren pola cidade antes do comezo do verán.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.


Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que xa sabe que nunca fan isto. Como vostede antes de rematar dixo algunhas cousas que non se tiñan pavillóns, pero hai outros colexios como a Gándara, Ferroviario, Colexio Novo, igual non chegaron a un acordo.

Di que xa no pasado mandato se trouxo deste tipo de iniciativas varias. É certo de saber de quen son as competencias, que se reclame a quen corresponda para que limpen e adecúen estes espazos, incluso moitos deles se poden manter, recomendase manter a situación. Presenta unha enmenda de engádegas *“no segundo punto que o goberno municipal leve a cabo limpeza das fontes públicas do Concello de Monforte”*. Cren que se deben de limpar os regatos e se deben ter en bo estado.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez referente aos pavillóns o certo é que é un dos temas do que poderían falar, facer un pavillón.

Amosa o seu voto a favor.

Intervén D. Ibán Torres di que recentemente solicitouse á Confederación a limpeza de regatos, e que nos próximos meses será unha realidade, por certo o río Cabe



nunca estivo tan limpo como na actualidade. O debate non da para máis é un ttema que xa se tratou.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que eles non teñen problema pola engádeda. Pero é unha maneira de facer presión ao organismo correspondente.

Intervén o Sr. Alcalde di que xa lle contestou a vostede D<sup>a</sup> Katherinie Varela, e que xa estaba solicitada á Confederación, e a Confederación contratou a Tragsa, esa zona que vostede di entre as Malloadas e rúa Sarria, ese é terreo rústico non está calificado como solo urbano. En breve limparase a ponte velle, a lagoa do parque dos condes, os bordes do río Cabe, que iso sí que é competencia do Concello.

En relación coas fontes públicas as que se utilizan xa se limpan.

En relación cos campamentos de verán da Xunta de Galicia, para persoas 185 prazas para toda Galicia e teñen que ter máis de 11 once anos, Concello de Monforte 8 prazas por quincena, 24 prazas, comparen vostedes.

Sometido o asunto a votación coa enmenda “in voce” de engádeda rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**8<sup>a</sup>.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CONEXIÓN DO PORTO SECO COA N-120.**

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Igleias e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

*“Que o alcalde de Monforte promova unha xuntanza onde participen o subdelegado do Goberno de Lugo, o delegado da Xunta de Galiza en Lugo e os portavoces Municipais a fin de aclarar a situación na que se atopa o expediente deste vial a esixir o desbloqueo da situación”.*

**(neste punto abandona o salón de sesións a concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle).**

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Gustaríalle que se levase a cabo esa xuntanza de traballo se lles explique como está a situación, a súa idea é que se desbloquee.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que este xa é un tema que trouxo Esperta Monforte no seu momento, gustaríalle que lle dixeran como está e se se vai facer algo, fala da deixadez grandísima. Si que é certo si se puidera facer algo redundaría no interese xeral de Monforte.



Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela sinala que non queren entrar na controversia que foi noutras veces, di que non queren que sexa o sentido e o espírito do debate. O espírito da moción é bo e moi positivo. Aмоса o seu voto a favor, crendo que podería ser interesante manter unha reunión destas características.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Emilio que non duda da súa boa intención, o que propón aquí é imposible. O proto Seco e os seus accesos son de titularidade da Xunta, e polo tanto soamente hai un responsable que é a Consellería de Infraestruturas. Simplemnete que quén o ten que facer non lle da a gana de facelo. Soamente hai que rematar os accesos, a Xunta o oculta a todo o mundo. Así a súa moción convírtese nunha tapadera da Xunta de Galicia, que xa bastante toma o pelo a todos os monfortinos.

Intervén D. Emilio José Sánchez pois a verdade que non sabe onde escomenzar, di que Esperta Monforte xa trouxo outra moción, el xa anuncio que sería máis interesante ter ese tipo de reunión. Di que eles saben ou intuén que ten que facer esta inversión, que é a Xunta de Galicia. O que se pide aquí non costa cartos, vostedes opden tramitar esa xuntanza e que non digan que o representante da Xunta de Galicia e do Goberno, non queren asistir, eso sería outra cousa. Sinceramente, equivócanse.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicir que non poden intentar retransmitir á opoiión pública que o non polo non é a oposición. Aquí o se trata é dunha xuntanza dunha xente, sen saber nada, di que a maior parte da culpa moi problamente sexa da Xunta de Galicia. Di que xogan a cargar culpas a que estaán moito máis cómodos así. Vostedes non paran de dicir que se minte, que se falsean datos, xa están falando duha xuntanza, xa están falando de inocentes ou culpables.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que xa ven que a xunta é culpable de todo, sen embargo está disposta a reunirse e falar as cousas, non ten nada que esconder, non sabe porque vostedes non queren falar. Se verdade é certo todo o que din eles en canto a que todo é culpa da Xunta, algunha cousa pasa que non queren, ou ter un encontro entre diferentes administracións para chegar a un acordo para Monforte, e a mensaxe que deixan.

Intervén D. Ibán Torres di que non sae do seu asombro. Máis de 20 anos se ven falando disto, deixése de contos chinos, a situacióndo Porto Seco non é ningún misterio, o que contou non é ningunha novidade, ata que o Sr. Feijoo non lle dea a gaña de facelo non se vai facer, a cuestión é de xulgado de garda.

Intervén D. Emilio José Sánchez ten razón vinte anos ou máis, pero sería a hora de buscar a solución, e mágoa deixalo decaer, di que eles o seguirán intentando por outras vías. A realidade é a que é e cre que se debería de facerse.

Intervén o Sr. Alcalde di que lle da pena de que vostede propoña o que propón sabendo como sabe de que aquí so hai un responsable. Aquí non está bloqueado



nada o ten bloqueado a Xunta porque non lle interesa, se fixera o que ten que facer non habería bloqueo ningún, desenfocar o problema é desviar a atención, aquí non fai falla convenio, constrúe o que ten que construír. A verdade supón que non ten moita información D<sup>a</sup> Katherinie, debe saber que o Porto Seco non soamente ten o problema do acceso que o ten, aínda que pode acceder por Juan Montes, ou pola rúa que ven de Poboia de Brollón, que son vías secundarias pero ten outro problema que non ten feito o muelle de carga, de transión de mercadorías de tren a camión e de camión a tren, o ten sen construír Xestur e iso non é Fomento, iso é da Xunta, se se quere solucionar o problema hai que poñerlle o foco ao responsable. O Sr. Feijoo dixo que non había demanda das parcelas no Porto Seco. Falaba o Sr. Germán haber se se fai algo, di que eles traballan, xa pode dicir que en poucos días vai haber algunha noticia positiva sen contar coa Xunta, claro que se está traballando pero hai que traballar con discreción para que as cousas saían ben. Dicía D<sup>a</sup> Katy que non queren colaborar porque non queren que mellore Monforte, vostede siga así, ten un atrevemento de dicir estas cousas. Estes días sacan nos medios de comunicación anuncian que nos dan 120.000,00 € para unha mellora no Polígono, sabe a realidade que chega unha resolución denegándoa que estamos en lista de espera no número 14, así que concesión 0 euros, pero a mentira está na prensa, esa é a realidade. Fala da mellora das pistas de Distriz, denegado por non chegar a 37,5 puntos, o caso foi que se denegou e o terceiro exemplo é que publican nos xornais que nos conceden para o viveiro de empresas o 80% e resulta que na resolución ven o 30%, como se atreven a dicir esas cousas, porque o que fai a xunta é “putear”. Esta é a realidade dos feitos soamente puxo tres exemplos. Dille a D. Emilio que sobran argumentos para decirlles o que fagan o que teñan que facer.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**9º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI O DÍA 28 DE XUÑO DO 2021.**

O dictame é favorable á declaración institucional, por unanimidade dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

*“Los derechos LGTBI son y serán siempre derechos humanos.*

*En 1981, El Consejo de Europa declaraba el derecho a la autodeterminación sexual de hombres y mujeres.*

*Sin embargo, cuarenta años después, la investigación, las encuestas, los informes y la realidad muestran que la discriminación y el discurso de odio contra las personas LGTBI y los crímenes de odio motivados por la LGTBIfobia están creciendo en toda la UE y representan una seria amenaza para el respeto de los derechos fundamentales en la UE.*

*Y es que, a pesar de los avances alcanzados en materia de derechos LGTBI, quedan muchas lagunas pendientes de ser abordadas por el poder legislativo, especialmente*  
*Pleno da Corporación 31.05.2021*



*en lo relativo a la lucha contra la discriminación por motivos de orientación sexual e identidad de género y al reconocimiento y protección de las personas LGTBI víctimas de delitos.*

*A esta realidad, se une la excepcional situación sobrevenida con la crisis sanitaria debido a la pandemia del COVID-19 donde las personas lesbianas, gais, bisexuales, transexuales e interxuales, que ya son víctimas de violencia y discriminación por su orientación sexual o identidad de género, se han visto gravemente afectadas por esta pandemia por lo que es preciso hacer un esfuerzo para garantizar que todas las respuestas a la COVID-19 también tengan en cuenta las repercusiones de la crisis en las personas LGTBI.*

*En este contexto, el papel de los Gobiernos locales ha demostrado, una vez más, que para ser eficiente y eficaces, se debe adoptar un enfoque basado en la cercanía a la realidad social priorizando los derechos humanos y enmarcando cualquier actuación en los principios de igualdad y no discriminación, participación, indivisibilidad, empoderamiento y rendición de cuentas.*

*Somos, los Ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos y Consejos Insulares, garantes de la efectividad de una estrategia clara de lucha por la igualdad y en la defensa de la convivencia ciudadana y agentes esenciales insustituibles de la protección de los derechos y libertades de toda la ciudadanía y defensores de la no discriminación con independencia de la raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.*

*En el decimosesto aniversario de la aprobación del matrimonio igualitario en España, hecho histórico de gran simbolismo, los gobiernos locales reunidos en la FEMP.*

- . Condenamos enérgicamente cualquier discriminación contra las personas LGTBI y sus derechos fundamentales, incluida la incitación al odio.*
- . Recordamos la importancia de tomar medidas concretas para poner fin a la discriminación contra las personas LGTBI.*
- . Manifestamos nuestra especial preocupación ante el repunte del discurso del odio e instamos a las instituciones y a la sociedad civil a que se intensifiquen su trabajo sobre el intercambio de mejores prácticas y refuercen su cooperación en la lucha contra racismo, la xenofobia, la homofobia, la transfobia y otras formas de intolerancia.*
- . Reconocemos la importancia de recopilar datos de igualdad comparables y desglosados recopilados por territorios, que permitan medir el alcance total de la desigualdad en España y formular políticas significativas para la aplicación del Derecho de igualdad de la UE.*
- . Apoyamos todas aquellas acciones locales, regionales, nacionales y europeas que tengan por finalidad la promoción de la igualdad, especialmente las dirigidas a luchar contra los estereotipos y a mejorar la aceptación social de las personas LGTBI.*
- . Reconocemos el trabajo de las organizaciones de la sociedad civil que trabajan por los derechos de las personas LGTBI y el valor de la colaboración con las Autoridades Locales para poner fin a cualquier discriminación existente y seguir impulsando unas políticas públicas igualitarias e inclusivas. “*



**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que na Comisión acordouse que se tratara coma unha declaración institucional de todos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**10º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 20.04.2021 (2) e 18.05.2021) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

**11º.- DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL 1º TRIMESTRE 2021.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2021, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

**12.- DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2021.**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2021, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 6,01 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2021:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

**13º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Pregunta Esperta Monforte! temos recibido información sobre a posibilidade de que o noso equipo de goberno este utilizando persoal do Concello para un control de tódalas pancartas empañadas por Monforte a favor da conservación do noso malecón nas condicións actuais, este bulo é certo?**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que descoñece dúas ordenanzas deste Concello, que é a ordenanza de medio ambiente e a ordenanza de fachadas. En relación con iso lle parece lícito que un cidadán non saiba de que vai a ordenanza de medio do Concello, pero comeza a ser lamentable que un concelleiro non coñeza a ordenanza ou a consulta antes de formular a preguntas. A ordenanza de protección de medio ambiente que entrou en vigor



o 13 de abril do 2010 dentro do título primeiro da limpeza e ornato das vías públicas e dos inmobles en xerla, no artigo 14.5 di “os propietarios con fachadas e inmobles á vía pública deberán evitar colgar roupa á vía pública” esto implica as pancartas. Na ordenanza de fachadas no seu artigo 1 sinala “os propietarios de edificios situados dentro do solo urbano deberán manter os mesmos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

**Rogo Esperta Monforte! nos explique o motivo polo que a plica de concesión do servizo de explotación do Centro do Viño non incluíu a subrogación do persoal laboral existente.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que cando se sacou a concurso o Centro do Viño fai anos, nas bases fala de que había que aplicar un convenio e unhas categorías profesionais, a empresa adxudicataria non respectou nin o convenio nin as categorías profesionais. O que se fixo foi volver a poñer o convenio e categorías as mesmas, polo tanto non se poden subrogar cousas que non iguais, o que teñen que facer os traballadores é reclamarlle á empresa, para iso está o Xulgado do Social. O que é certo é que non se cumpriron os pregos do contrato anterior, nin se contrataron as categorías que poñían.

**Pregunta do BNG, qué ten pensado facer o goberno municipal a respecto dos incumprimentos da empresa Aqualia?**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que teñen pensado seguir os pasos o que determinan os informes técnicos e a vontade política será cumprir o contrato. De momento tivo unha reunión co responsable de Aqualia a nivel local como provincial, se están elaborando informes por parte da Policía e da técnica de servizos, cando se teña todo se mirará se se fai algún requerimento á empresa.

**Rogo do BNG, o goberno municipal faga un informe dos camiños paralelos á canle de regadío no que se valore o estado de conservación dos mesmos, e que se amañen, ben con fondos propios, ben con un convenio coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.**

**Pón en coñecemento a pérgola da Praza Fontecha, supón que está como está, dobrada rota, está vencida desnivelada.**

Resposta o Sr. Alcalde que o Concello non fai cargar nin facer cargar nada que non lle competa. Cada reparación que fai a Confederación se imputa aos regantes, porque así o di a normativa. Di que el non quere cargar con ningunha carga económica aos regantes, outra cousa son detalles concretos que se poidan facer nun núcleo de vivendas, pero fóra diso hai claramente hai unha responsabilidade Confederación e regantes.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o da pérgola xa o saben e están mirando de cambiala.

**Pregunta Partido Popular ¿por qué a Xunta de Goberno nomea os membros da corporación como patronos dunha fundación entedemos que inda non está formalmente constituída?**



Resposta o Sr. Alcalde dicindo que é convinte que antes de redactar a pregunta lea os Estatutos aprobados polo Pleno, onde establécese o procedemento de constitución da Fundación Foggia. Semella que despois de estar recriminando ao Concello de non facer nada para a posta en marcha da Fundación, cando por fin, co aval xurídico necesario, pódese desatrar a situación ao Partido Popular moléstalle que as cousas, finalmente, vaian clarexándose e que, por fin, se lle poida dar cumprimento á vontade da Sra. Foggia.

No que se refire ao fondo do asunto dicir que é falso, unha vez máis, o que a portavoz do PP manifesta na súa pregunta. A xunta de Goberno non nomea, nestre intre, aos membros da corporación no Padroado.

O art. 15 dos Estatutos da Fundación dispón que “a designación dos membros que integren o primeiro Padroado será feita pola Xunta de Goberno do Concello de Monforte de Lemos e constará na escritur de constitución.

É obvio que o Alcalde podería nomear aos patronos que tivese por convinte pero, aínda non sendo un órgano municipal, considerou que os patronos a nomear, neste primeiro Padroado, foran concelleiros da Corporación, respectando a proporcionalidade da súa presenza no Pleno, isto é o que a representante do PP parécelle mal.

No momento en que os grupos políticos, si o estiman convinte, nomeen aos seus representantes como Patronos da Fundación, será cando a Xunta de Goberno proceda ao seu nomeamento.

Dito nomeamento baseárase en dous fundamentos, primeiro porque así o recollen os Estatutos da Fundación, e segundo porque é un requisito esixido pola Lei de Fundacións de Galicia para facer a escritura pública, primeiro, e para inscribila no Rexistro de Fundacións de interés de Galego, neste momento o que se tramitando é a constitución.

**Rogo Partido Popular, que o Concello poña de manifesto ante o departamento do Ministerio de Facenda correspondente este erro de modo que non se consideren subvencións ós comerciantes pois en caso contrario poden ter que pagar unha cantidade que non lle corresponde.**

**Rogo Partido Popular, ve necesario tratar de forma igualitaria a toda a poboación de Monforte en cuanto ao tema do cubeo, que o Concello pacte coa empresaria algunha solución para que as persoas non poidan colocar o lixo nas horas permitidas.**

**Pregunta “in voce” do Partido Popular, na páxina web do Concello ao abeiro das subvencións de 2.000,00 euros que se concedían aos negocios de hostelería, di que hai un negocio que inda non abriu o albergue de peregrinos e vese que teñen unha subvención e non estar abertos ao público.**

Remata a sesión sendo ás dez horas e vintenove minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE





CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

**SECRETARÍA**